

Caderno da crítica

Literatura galega: de todo un pouco; ás veces tamén opinións. Blogue de Ramón Nicolás

A outra voz, de Verónica Martínez Delgado e Alberte Momán

Verónica Martínez Delgado e Alberte Momán

A outra voz

Caldeirón, Malpica, 46 páxinas, 10 €

Galardoadado na IX edición do premio de poesía erótica “Illas Sisargas”, *A outra voz* é un libro singular. Escrito a catro mans, ensaia poeticamente -ben puidera ser adaptándose a outro xénero calquera aínda que aquí salienta de seu a transparencia, concisión e limpeza expresiva que o domina- unha abordaxe esmagadora centrada no proceso de cousificación da muller e á súa vulnerabilidade, aludindo concretamente ao proceso de deshumanización e ás devastadoras consecuencias que se poden derivar respecto da violencia xinecolóxica e obstétrica, asunto que en parte xa ocupara a obra teatral *Xudite* de Marcos Abalde.

Este texto publicouse nas páxinas do suplemento Fugas de *La Voz de Galicia* o 27 de novembro de 2015, baixo o título de “Contra a violencia”.

